



## Concello de Portomarín

---

### **BANDO**

**Dn. JUAN CARLOS SERRANO LÓPEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTOMARÍN (LUGO)**

Ante o preocupante empeoramento da situación epidemiolóxica ocasionada por a Covid-19 en Portomarín, posto que se detectaron varios casos positivos e que, segundo os datos de rastrexo poderían ser moitos os contactos directos coas persoas afectadas, é necesario pola miña parte **RECORDAR e ESIXIR** o cumprimento rigoroso das medidas hixiénico-sanitarias establecidas e **RECOMENDADAS** polas autoridades sanitarias e feitas para ser cumpridas estrictamente tanto polos Gobernos Autonómicos como polo Goberno de España, para o que **fago SABER:**

**PRIMEIRO:** É unha labor e responsabilidade de todos e cada un de nós, o cumprimento rigoroso das medidas hixiénico-sanitarias establecidas para reducir durante os próximos días os casos activos, de tódolos xeitos remitirase a Subdelegación do Goberno de España unha petición expresa desta Alcaldía para que, por parte das forzas e corpos de Seguridade do Estado se realice un control estricto do cumprimento das mesmas, e se é o caso, procedan a realizar a correspondente denuncia a cal se tramitará polo Concello dentro do convenio asinado coa FEGAMP.

***NON DEBEMOS BAIXAR A GARDA E NON PODEMOS PERMITIR QUE O VIRUS SE  
EXTENDA DE FORMA DESCONTROLADA POR PORTOMARIN***

**SEGUNDO:** A prevención e protección dos habitantes do Concello de Portomarín contra a Covid-19 é responsabilidade de todos e cada un dos veciños/as. Pola parte que me toca como rexidor actual, teño a obriga de velar pola saúde e benestar de todos/as os veciños/as; non dubiden en que non vou permitir ningunha alteración ou incumprimento das medidas citadas polas autoridades sanitarias, xa que é polo ben de todos/as os/as veciños/as., especialmente por aqueles grupos entre os e que se inclúen os maiores, sendo os máis vulnerables e de maior factor de risco. Afirmo esto xa que, a eles lles debemos a sociedade de benestar que estivemos disfrutando ata fai escaso un ano que comezou esta pandemia.

**TERCEIRO:** A presente Corporación Municipal **determina e establece polo tempo que sexa necesario en función da expansión do virus** na nosa vila as seguintes **medidas:**



## Concello de Portomarín

---

### **Establecemento de medidas de especial consideración ante o risco de contaxio pola Covid-19 en Portomarín**

- ✓ Peche da casa do maior, casa do neno, servizo de atención temperá e diminución dos servizos de axuda a domicilio ata os estritamente urxentes e necesarios.
- ✓ Suspensión de todas actividades culturais, deportivas e de ocio, así como calquera que se pretendan realizar nas distintas dependencias municipais.
- ✓ Refrozarase unha desinfección diaria en lugares e espazos comúns de pública concurrencia.
- ✓ Ante situacións de necesidade para a utilización de materiais de protección, deberánse poñer en contacto cos Servizos Sociais Comunitarios, que os facilitarán poñendo en marcha todas as medidas preventivas feitas con anterioridade na primeira fase.
- ✓ As dependencias municipais administrativas permanecerán abertas ao público de **09:00 h a 14:00** horas unicamente a efectos de **registro de entrada de documentos**. Asimesmo, recoméndase o uso da **sede electrónica municipal** [www.portomarin.sedelectronica.gal](http://www.portomarin.sedelectronica.gal) .
- ✓ Manterase a atención telefónica a través do teléfono **982 545 070**. Nembargantes o persoal terá asignado funcións de teletraballo, resolvendo así os expedientes actualmente en prazo.

O que se fai público, para xeral coñecemento.

**Asinado electrónicamente a marxe do documento**

**O Alcalde-Presidente**